

VIVIR

cultura@elprogreso.es

As historias de Ángel



Ángel Rivas Veiga añora a lareira, cociña económica mediante.

ÚLTIMO TESTIGO ▶ Ángel Rivas naceu en Eirexúa, no municipio da Pontenova, e vive en Orxás, na Pastoriza. É o único narrador oral galego que participa no proxecto 'La memoria de los cuentos', que recolleu sete testemuñas dende Cáceres a Menorca.

Era un home que case nunca viviu do conto

POR: MARTA VEIGA
FOTOS: SEBAS SENANDE

«A TELEVISIÓN acabou con todo». Non é unha reflexión dun semiólogo apocalíptico, senón a de Ángel Rivas Veiga, un xubilado lugués que vive en Orxás, A Pastoriza, e que manexa con tino os ritmos da narración oral, pero nunca viviu do conto. Ou case.

Todo o que aprendeu Rivas cando neno nas polavías de Eirexúa

(A Pontenova) serviulle, décadas despois, para captar a atención da Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, responsable do proxecto 'La memoria de los cuentos'.

Só sete narradores orais —contadores de contos— de toda España participan nesta iniciativa que ten por obxecto poñer en valor esas historias que, boca a orella, pasaron de xeración a xeración.

Pero a televisión estragouno todo. Agora, nas aldeas, non hai polavías nin polafías nin filandóns: cada un, na súa casa e a tele, na de todos. Por se fose pouco a capacidade illadora do televisor, as aldeas quedaron sen xente. «Había antes no lugar de Eirexúa bastante máis xente que hai agora na parroquia toda, que se chama Xudán».

«Eu recordo de non haber radio

sequera! Lembro de ir a xente á cantina marabillada porque había un aparato que falaba igual ca un home!», exemplifica.

Ángel Rivas Veiga anda nos 86 anos e conserva unha memoria estupenda. E iso que el di que non é para tanto. «Xa perdín moito; antes podía botar contos todo o día sen parar». De neno, sobre todo nas noites do inverno, ía despois de cear ás polavilas, unhas reunións da veciñanza onde se pasaba o rato.

A POLAVILA DA PONTENOVA. Na casa da polavila había unha lareira. «Sabedes como eran? Non eran coma as cociñas económicas estas», relata, mentres sinala as roldanas de ferro que ten diante de si. E segue. «Ás polavilas, aquí, na zona da Pastoriza, chámaseselles ir á rúa».

«Uns xogaban á baralla, outro tocaba unha frauta, tocábase a pandeireta e botábanse un baile...». E logo estaban os contos. Os contos que o neno Ángel Rivas escoitaba dos vellos e aprendía á velocidade do raio e sen que llo tivesen que repetir dúas veces.

Logo empezou a contalos el, ao seu xeito. «Nunca digo un conto dúas veces igual, non me ten graza. Se o repites sempre ao pé da letra e como se leses un conto escrito e isto que fago eu é outra cousa distinta».

Os veráns na Pontenova non eran tan propicios para os contos coma os invernos de lareira. Nos meses do estío, os días son grandes e hai moi traballo por fóra: segas, medas, mallas, as patacas... «E logo, as festas todas».

O narrador bota de menos como, nas aldeas, ían os mozos e as mozas todas xuntos ás festas dos redores. «Alí, xa facía cando un o que quería e ía ao seu aire». Non había outro transporte cas pernas de cadaquén, ou algunha besta. Nin estradas había e estaban feitos unha mágoa os camiños, «porque as rodas de ferro dos carros ían roendo neles e estragábanos».

Ata unha bicicleta era un acontecemento. A primeira que viron os de Xudán foi a que comprou o maestro. «Non podíamos entender como se sostiña sobre esas rodas e eses arames... e como ía alí



ENTREVISTA ▶ Mine Kawakami ofrece esta noche un concierto en Lugo

«Chucho Valdés fue el músico que me cambió la vida; por su culpa dejé a Beethoven» > 69

O mesmo conto, na Pontenova e nas Alpujarras

O equipo de 'La memoria de los cuentos' puido comprobar que a ampla difusión xeográfica dos mesmos contos é espello da súa permanencia no tempo. E foi grazas ao conto favorito de Ángel Rivas, 'O castelo de irás e non volverás', que resultou ser unha versión doutro que lle contaron na Alpujarra granadina en 1985 ao investigador Antonio Rodríguez Almodóvar.

De ida e volta

Esperanza Barber (Es Migjorn Gran, Menorca) conta 'L'amor das tres taronges', a mesma historia que inspirou a Sergéi Prokófiev para a súa ópera 'O amor das tres laranxas'; e Benigna Lasuen (Aulesti, Bizkaia) redescubre a historia de 'Antzorrillotetxu', estendido en toda Europa e que tamén usou William Shakespeare para o seu 'Rei Lear'.

Tamén a estremeña Juliana Hernández conta 'Los animales miedosos', máis coñecida pola versión dos irmáns Grimm, 'Os músicos de Bremen', case idéntica á que relata a conquense Consolación Soriano. Ningunha das variantes españolas ten máis relación coa alemá que a pertenza ao tronco común da cultura indoeuropea. Consolación, á súa vez, narra unha versión de 'Estrellita de Oro', unha das múltiples 'cincentas' españolas, moi similar a 'Na Catalineta i na Catalinota' do menorquín Sito Pelegrí Pons.

subido! Se parecía un xeneral!!!», rememora.

E faino con mestría de contos. Con prosodia e técnicas narrativas que non aprendeu en ningunha escola, pero que lle din con exactitude que é iso de manter a atención e cando é o momento de facer unha pausa para deixar o público con gana de máis.

OSTRABALLOS. A vida de adulto de Ángel pasou entre o municipio da Pontenova e os traballos «por fóra». Facendo estradas en todo o norte da provincia de Lugo, na Terra de Miranda, cara á Fonsagrada, en Ribadeo...

Tamén foi ás segas a Castelela, vinte veráns seguidos, pero pouco tempo tivo para contar as historias tecidas nas brétemas polos seus vellos entre os mesetarios.

«Traballabamos todo o día. Había que madrugar moito e acababamos tarde, como ás doce da noite. E logo, eramos novos e íase algo á cantina. Ás veces un non se deitara cando xa se tiña que erguer».

O que si facían os temporeiros galegos era un pequeno negocio. «Iamos con sete ou oito fouciños, dos ferreiros nosos, e vendíamolos moi ben, porque eran moito mellores ca os casteláns, que cortaban moi mal».

O FILLO DO PANADEIRO. O máis preto que estivo de vivir do conto o narrador da Pontenova foi nunha época na que traballou de axudante para un panadeiro. Un fillo do patrón enfermou e tivo que ser encamado, e o panadeiro pedíalle a Rivas Veiga que lle contase contos ao pícaro para que a doenza se lle fixese máis levadeira.

Ángel e a súa dona, Jesusa, tamén natural da Pontenova, non tiveron fillos aos que lles contar contos, polo que a transmisión xeracional de toda a sabedoría popular que atesoura o petrucio quedou en vía morta.

Si que ten algún «sobrín» —di o contacontos, como se di na zona máis oriental da provincia—, pero para aquela época xa se puxeran de moda a narracións infantís impresas, en libríños de cores... «Houbo un tempo no que non se lle daba ningún mérito a isto que facía eu de contar contos».

E que pasará agora coas historias do Rivas de Eirexúa?

«Xa están nos libros», responde el. «Aí están xa para sempre», engade con pragmatismo.

A falta de interese nos contos que ía percibindo Ángel Rivas «nos novos» mudou o día en que chegou á súa casa de Orxás o escritor Antonio Reigosa —«o de Mondoñedo»— a interesarse polas súas historias e, a través del, «cinco homes de Madrid», da Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, que traballaban xa en 'La memoria de los cuentos'.

Filmárono, graváronno e fixeron uns libros, un documental e uns discos que Ángel e Jesusa aínda non puideron ver, porque non teñen onde. «Ten que vir o sobrín co ordenador un día», apunta.

As historias que sabe o narrador da Pontenova teñen nomes evocadores, como 'O castelo de irás e non volverás', que é o favorito de Ángel. «Non volo conto agora, porque é longuísimo», descúlpase.

E volve ao principio da conversa: «Non sei por que aos da tele non lles gustan».

El observa que en distintos programas si que hai espazo para outros «contos», os de humor, os chistes. «Pero son moito máis curtiños e sempre coa picaresca e a cousa picante... Non ten nada que ver co que era antes botar un conto ben contado».

Antes da despedida, Jesusa, a señora da casa, formula unha última pregunta: «Por certo, isto sacádelo na tele?».

O proxecto

«Na literatura popular están as traxedias clásicas todas»

▶ Os investigadores e artífices da investigación, os libros e o documental de 'La memoria de los cuentos' reivindicán os contos populares

EFE

MADRID. Os últimos narradores orais en España, presentados como as últimas testemuñas da cadea que durante séculos mantivo vivo o relato dentro da literatura popular, foron filmados recentemente polo cineasta José Luís López-Linares no documental 'La memoria de los cuentos'.

Producido pola Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, López-Linares localizou para este filme a sete narradores noutras tantas comunidades autónomas para demostrar o vigor, e aínda a vixencia, da tradición oral como elemento de transmisión de cultura e valores na actual sociedade do coñecemento.

En lugares tan dispares como Descargamaría (Cáceres), Iniesta (Cuenca), Prioro (León), Eirexúa (Lugo), Tahivilla (Cádiz), Es Migjorn Gran (illa de Menorca) e Aulesti (Biscaia), o realizador madrileño constatou o estraño fenómeno de como un mesmo relato é coñecido en todos eses lugares, condimentado de diferente forma pero uniforme na súa esencia argumental.

TEMPO INMEMORIAL. Todos os narradores, nalgúns casos de moi avanzada idade, cun analfabetismo funcional e sen coñecer as novas tecnoloxías, reproducen un conto que foi trasladado na fala da xente desde tempo inmemorial a través de feirantes, cegos, xogares, mercadores, viaxantes, charlatáns, xente de paso, familiares e amigos emigrados.

Para a posta en valor deste patrimonio inmaterial, o realizador utiliza o recurso cinematográfico de rodar a narración en varios fragmentos e na boca deses informantes, co fin de demostrar esa unidade na diversidade que procura a tradición oral e que nutriu a literatura popular.

Unha coidada e selecta fotografía, na que colaboraron especialistas e coleccionistas como o xornalista e investigador Publio López Mondéjar e o etnógrafo Joaquín Díaz, sitúan ao espectador na época, así como nos condicionantes

sociais e económicos que habitáron desde nenos eses contadores de contos.

'La memoria de los cuentos', que ademais dun documental é o título dun libro con vinte e sete relatos que acompaña a esa película, complementase coas análises de especialistas na materia a partir de diversos campos científicos: desde a etnografía (Joaquín Díaz), ata a literatura (José María

Antonio Rodríguez Almodóvar sostén que nos contos están os fundamentos da literatura


Merino e Antonio Rodríguez Almodóvar).

«Eu sempre pensei no conto como unha especie de casa onde viven persoas e personaxes, e que o narrador é un intermediario que cho conta, ou che abre a porta, e invítache a entrar para ver o que está pasando», reflexiona Joaquín Díaz no documental.

CONSENSO. Para Rodríguez Almodóvar, segundo o testemuño vertido na cinta, «cada vez existe un maior consenso no sentido de que os contos constitúen un dos fundamentos da literatura», mentres que José María Merino, na mesma liña, recorda os tempos non tan pretéritos en que «existía unha especie de desprezo a todo o que era literatura popular, cando en realidade dentro dela atópase a orixe de todas as traxedias clásicas».

Merino sostén que a narración oral, ata antes que a escritura, «é a nai verdadeira da literatura, a que fixa os mitos».

José Luís López-Linares (Madrid, 1955) dedicou ao xénero documental case toda a súa carreira a través de títulos como 'Asaltar los cielos' (1996) —sobre a figura de Ramón Mercader—, 'Lorca, así que pasen cien años' (1998), 'A propósito de Buñuel' (2000), 'Tánger, esa vieja dama' (2001) e 'Extranjeros de sí mismos' (2001) —sobre a última Guerra Civil en España—.



La memoria de los cuentos

Los últimos narradores orales